

Instrucións para o/a interesado/a.

\* Instrucións xerais.

-Escriba soamente á máquina ou con bolígrafo sobre superficie dura, empregando maiúsculas de tipo imprenta.

-Asegúrese de que os datos resultan claramente lexibles.

-Evite dobrar o papel e realizar correccións, emendas ou riscadas.

-Non escriba nos espazos sombreados ou reservados.

-Non esqueza asinar o impreso.

-Non esqueza achegar a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos exixidos para cada categoría así como presentar as certificacións correspondentes para ser baremadas.

-Non esqueza xuntar fotocopia do seu DNI ou documentación acreditativa segundo o establecido na convocatoria.

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 6 de xuño de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se aproban os temarios que rexerán nas probas selectivas derivadas da oferta de emprego público de determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2006.*

De conformidade coas competencias atribuídas no artigo cuarto 2. da Orde do 8 de maio de 2006 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, con carácter previo á publicación das correspondentes convocatorias no DOG, esta división

### RESOLVE:

Punto único.-Aprobar os temarios que rexerán nas probas selectivas derivadas da oferta de emprego público de determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2006, que se publican como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2006.

Antonio José Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

### ANEXO

Categoría:

Temario: ATS/DUE.

Parte común.

Tema 1.-A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2.-Estatuto de autonomía de Galicia. Estructura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3.-A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4.-O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5.-O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6.-A Lei de ordenación sanitaria de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7.-A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8.-Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas IISS e medidas de prevención. Principios básicos do Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais do Sergas.

Parte específica.

Tema 9.-Asistencia sanitaria: obxecto e feitos causantes. Beneficiarios. Prestacións médicas e farmacéuticas. Modalidades da prestación médica. A participación dos beneficiarios no prezo dos medicamentos.

Tema 10.-Principios fundamentais da bioética: dilemas éticos. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. O consentimento informado. Os dereitos de información sanitaria, intimidade e o respecto da autonomía do paciente.

Tema 11.-Calidade no Sistema Nacional de Saúde: características da atención sanitaria. Dimensións de calidade: científico-técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satisfacción do usuario. Avaliación de estrutura, proceso e resultados. Mellora continua da calidade. Métodos de avaliación da calidade: auditorías. Programas de calidade: deseño e implantación.

Tema 12.-Metodoloxía de investigación: técnicas cuantitativas e cualitativas. Estructura metodolóxica

dun traballo científico. Fontes de datos. Investigación básica: estudos de identificación e priorización de problemas. Investigación aplicada: estudos descritivos e analíticos dos diagnósticos utilizados, estudos de procesos e resultado.

Tema 13.-Epidemioloxía: concepto. O método epidemiolóxico. Enfermidades transmisibles de maior incidencia na poboación galega: tipos e características. Sistema Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica. Enfermidades de declaración obrigatoria.

Tema 14.-Demografía sanitaria. Indicadores demográficos e a súa utilidade para o traballo: natalidade, fecundidade, mortalidade, migracións, crecemento vexetativo.

Tema 15.-Saúde pública: concepto. Saúde e enfermidade: concepto. Indicadores de saúde por idade e sexo: morbilidade, mortalidade, letalidade e esperanza de vida. Principais problemas de saúde na poboación galega actual. Elementos de priorización: magnitude, transcendencia, vulnerabilidade e custo.

Tema 16.-Técnicas e habilidades de comunicación e relación interpersoal. Traballo en equipo. Entrevista clínica. Concepto e características. Identificación de necesidades de apoio emocional e psicolóxico ao paciente, coidador principal e familia.

Tema 17.-Xestión e planificación de servizos sanitarios: concepto. Produto sanitario: concepto. Carteira de servizos: concepto.

Tema 18.-Nocións básicas de informática: concepto de procesador de textos, base de datos e correo electrónico. Intranet: concepto.

Tema 19.-Organización dos coidados de enfermaría en atención primaria e atención especializada: centro de saúde, comunidade, hospital. Consulta de enfermaría. Coordinación entre niveis asistenciais.

Tema 20.-Atención domiciliaria: concepto e etapas da visita domiciliaria. Coordinación entre atención primaria, atención especializada e servizos sociais. Programas específicos de atención domiciliaria: programas de atención a pacientes inmobilizados e terminais.

Tema 21.-Marco conceptual e modelos de enfermaría: xeneralidades. Teoría das necesidades humanas: concepto. Teoría de autocoidado: concepto. Proceso de atención de enfermaría (PAE): etapas do PAE. Plan de coidados enfermeiros: concepto e estrutura. Diagnósticos de enfermaría: concepto e tipos de taxonomía.

Tema 22.-Sistemas de información utilizados en atención primaria e atención especializada: historia clínica. Rexistros específicos de actividade de enfermaría en atención primaria e atención especializada. Informe de enfermaría no momento da alta. Clasificacións internacionais de problemas de saúde (CIAP-2, CIE-9 e NANDA): características xerais.

Tema 23.-Prevenición e promoción da saúde: concepto. Detección precoz de problemas de saúde: concepto. Programas de saúde: definición. Factores de

risco para a saúde nas distintas etapas da vida (infancia, adolescencia, adulto e ancián): identificación de factores de risco e coidados de enfermaría. Inmunizacións: concepto. Clasificación e tipos de vacinas. Contraindicacións. Complicacións. Conservación, administración e pautas de vacinación.

Tema 24.-A educación para a saúde individual, grupal e comunitaria: concepto, metodoloxía e técnicas didácticas. Técnicas de educación para a saúde para o fomento do autocoidado e promoción da saúde do paciente, coidador principal e familia.

Tema 25.-Hixiene en centros sanitarios: conceptos xerais. Antisépticos. Desinfectantes. Esterilización. O servizo de esterilización. Preparación e tipos de material para esterilizar, métodos de esterilización. Manipulación e conservación do material estéril. Infección nosocomial. Medidas preventivas. Illamento hospitalario: concepto, tipos e descrición. Xestión de residuos sanitarios.

Tema 26.-Desenvolvemento da conduta humana: etapas do desenvolvemento. Tipos de personalidade. Hábitos. Motivación. Factores socioculturais: a súa incidencia na saúde. O hospital e os problemas psicossociais e de adaptación do paciente hospitalizado. Valoración de enfermaría do comportamento humano e a súa aplicación nos coidados de enfermaría.

Tema 27.-Sexualidade. Reprodución. Métodos anticonceptivos. Menopausa. Prevención de enfermidades de transmisión sexual.

Tema 28.-Valoración e coidados de enfermaría na muller xestante: eliminación, hixiene e cambios fisiolóxicos. Educación maternal. Problemas máis frecuentes durante a xestación. Valoración e coidados de enfermaría na púérpera: cambios fisiolóxicos e psicolóxicos. Lactación natural.

Tema 29.-Valoración e coidados de enfermaría do neno san de 0 a 14 anos. Probas metabólicas. Etapas do desenvolvemento infantil. Parámetros de desenvolvemento e crecemento. Resposta evolutiva. Medidas para o fomento da saúde nas diferentes etapas: hixiene, alimentación e nutrición, dentición. Hixiene e saúde bucodental: prevención da carie. Prevención de accidentes infantís. Detección de malos tratos. Vacinación na infancia.

Tema 30.-Valoración e coidados de enfermaría do neno enfermo. Neonato de baixo peso e prematuro. Crises convulsivas nos nenos. Insuficiencia respiratoria aguda. Problemas gastrointestinais agudos. Deshidratación. Outros problemas máis frecuentes. Procedementos e técnicas de enfermaría. Problemas derivados do ingreso do neno no hospital.

Tema 31.-Valoración e coidados de enfermaría nos pacientes con procesos infectocontaxiosos: hepatite, tuberculose, SIDA e meninxite. Outros procesos infecciosos. Procedementos e técnicas de enfermaría. Medidas de prevención e control.

Tema 32.-Valoración e coidados de enfermaría no ancián. Principais cambios no proceso de envelle-

cemento: fisiolóxicos, psicolóxicos e sociais. Prevención de accidentes e deterioración cognitiva. Hábitos dietéticos. Orientación para o autocoidado. Principais problemas. Valoración da situación familiar e social.

Tema 33.-Valoración e cuidados de enfermaría no enfermo terminal. Principais problemas. Dor: características e escalas de medida. Dó: tipo e manifestacións. Apoio ao cuidador principal e familia.

Tema 34.-Valoración e cuidados de enfermaría ás persoas con problemas de saúde mental: Alzheimer e outras demencias. Outras alteracións psíquicas. Prevención e control ante o risco do suicidio. Valoración da situación familiar e social. O apoio ao cuidador principal e familia. Drogodependencias. Plan de Galicia sobre Drogas: xeneralidades.

Tema 35.-Valoración e cuidados de enfermaría ante situacións críticas: politraumatizados, queimados, shock, intoxicacións. Parada cardiorrespiratoria: definicións e medidas de actuación. Reanimación cardiopulmonar básica e avanzada. Urxencias e emerxencias: concepto.

Tema 36.-Clasificación xeral dos medicamentos. Absorción e eliminación dos fármacos. Toxicidade e efectos colaterais. Farmacovixilancia. Condicións de conservación dos medicamentos.

Tema 37.-Administración de medicamentos. Precaucións previas á administración dun fármaco. Vías de administración: definición e tipos. Puntos de elección, técnicas e problemas máis frecuentes. Cálculo de doses.

Tema 38.-Alimentación e nutrición: concepto e diferenciación. Clasificación dos alimentos. Elaboración de dietas. Dietas terapéuticas. Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas de desnutrición, deshidratación, anorexia, bulimia e obesidade.

Tema 39.-Valoración e cuidados de enfermaría en persoas con nutrición enteral e parenteral. Técnicas de administración. Protocolos de actuación.

Tema 40.-Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas neurolóxicos: accidente cerebrovascular, epilepsia. Outros problemas do sistema nervioso. Procedementos e técnicas de enfermaría.

Tema 41.-Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas respiratorios: insuficiencia respiratoria aguda, enfermidade pulmonar obstrutiva crónica. Outros problemas broncopulmonares. Procedementos de enfermaría: oxixenoterapia e outras técnicas.

Tema 42.-Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas cardiovasculares: insuficiencia cardíaca, infarto de miocardio, hipertensión arterial. Outros problemas cardiovasculares. Procedementos e técnicas de enfermaría.

Tema 43.-Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas no sistema renal: insuficiencia renal aguda. Outros problemas renais e urolóxi-

cos. Procedementos e técnicas de enfermaría. Cateeterismo vesical: concepto, indicacións e contraindicacións da sondaxe vesical.

Tema 44.-Valoración e cuidados de enfermaría ás persoas con problemas endocrinolóxicos: diabeto. Outros problemas. Procedementos e técnicas de enfermaría.

Tema 45.-Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas no sistema músculo-esquelético. Principais problemas do aparello locomotor. Procedementos de enfermaría: vendaxes, inmovilizacións e outras técnicas.

Tema 46.-Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas gastrointestinais: abdome agudo, úlcera gastroduodenal. Outros problemas gastrointestinais. Procedementos e técnicas de enfermaría.

Tema 47.-Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas dos órganos dos sentidos: principais problemas. Procedementos e técnicas de enfermaría.

Tema 48.-Valoración e cuidados de enfermaría a persoas con problemas oncolóxicos: principais problemas. Procedementos e técnicas de enfermaría. Medicamentos antineoplásicos: clasificación e efectos secundarios. Medicamentos coadjuvantes. Manipulación de medicamentos citostáticos.

Tema 49.-Valoración e cuidados de enfermaría do paciente cirúrxico: preoperatorio, intraoperatorio e poscirúrxico. Cirurxía maior ambulatoria e cirurxía menor en atención primaria. Procedementos de enfermaría: drenaxes, curas e outras técnicas.

Tema 50.-Valoración e cuidados de enfermaría nas feridas crónicas (úlceras por presión, úlcera varicosa, úlcera venosa, pé diabético e queimaduras): concepto, factores de risco, localización. Procesos de formación e estadíos. Escalas de valoración de risco. Medidas de prevención e tratamento.

Categoría:

Temario auxiliar de enfermaría.

Parte común.

Tema 1.-A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2.-Estatuto de autonomía de Galicia. Estructura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3.-A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4.-O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas.

Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5.-O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6.-A Lei de ordenación sanitaria de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7.-A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8.-Saúde Laboral: concepto. Principais riscos nas IISS e medidas de prevención. Principios básicos do Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais do Sergas.

Parte específica.

Tema 9.-Concepto de calidade no sistema sanitario. Avaliación, garantía, mellora continua e calidade total. O ciclo avaliativo. Dimensións da calidade asistencial. Estrutura, proceso e resultado.

Tema 10.-Actividades do auxiliar de enfermaría nas institucións sanitarias. Coordinación entre niveis asistenciais. Concepto: coidados, necesidades básicas e autocoidados. O hospital e os problemas psicosociais e de adaptación do paciente hospitalizado.

Tema 11.-Documentación sanitaria: clínica e non clínica. Sistemas de información: xeneralidades. Servizo de admisión e atención ao usuario: funcionamento. O consentimento informado: concepto. Principios fundamentais da bioética: dilemas éticos. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica.

Tema 12.-Prevención e promoción da saúde: concepto. Detección precoz de problemas de saúde: concepto. Prevención de accidentes no paciente. Inmunizacións: concepto. Vacinas: tipos, conservación e almacenamento. Educación para a saúde: concepto e técnicas didácticas.

Tema 13.-Habilidades de comunicación e relación interpersoal. Apoio e axuda ao paciente e familia. Traballo en equipo.

Tema 14.-Nocións básicas de informática: concepto do procesador de textos, bases de datos e correo electrónico. Intranet: concepto.

Tema 15.-Necesidades de hixiene no neonato e adulto. Concepto. Hixiene xeral e parcial: da pel e capilar. Técnica de hixiene do paciente encamado: total e parcial. Técnica de baño asistido.

Tema 16.-Atención do auxiliar de enfermaría ao paciente encamado: posición anatómica e aliñamento corporal. Procedementos de preparación das

camas. Cambios posturais. Drenaxes e catéteres: manipulación e coidado. Técnicas de deambulación. Técnicas de mobilización e traslado.

Tema 17.-Atención do auxiliar de enfermaría na preparación do paciente para a exploración: posicións anatómicas e materiais médico-cirúrxicos de utilización máis común. Atención pre e post operatoria.

Tema 18.-Constantes vitais: concepto. Procedemento de toma de constantes vitais. Gráficas e rexistros. Balance hídrico.

Tema 19.-Atención do auxiliar de enfermaría nas necesidades de eliminación: xeneralidades. Recollida de mostras: tipos, manipulación, características e alteracións. Sondaxes, ostomías, enemas: tipos, manipulación e coidados.

Tema 20.-Procedementos de recollida e conservación para o transporte de mostras biolóxicas. Xestión de residuos sanitarios: clasificación, transporte, eliminación e tratamento.

Tema 21.-Os alimentos: clasificación, hixiene e manipulación. Alimentación do lactante. Dietas terapéuticas: concepto e tipos. Vías de alimentación enteral e parenteral: concepto. Administración de alimentos por sonda nasogástrica.

Tema 22.-Vías de administración dos medicamentos: oral, rectal e tópica. Precaucións para a súa administración. Condicións de almacenamento e conservación. Caducidade. Atención do auxiliar de enfermaría ao paciente con oxixenoterapia: métodos de administración de oxíxeno e precaucións.

Tema 23.-Hixiene nos centros sanitarios: medidas de prevención da infección hospitalaria. Normas de seguridade e hixiene. Concepto de illamento no hospital: procedementos de illamento e prevención de enfermidades transmisibles.

Tema 24.-Concepto: infección, desinfección, asepsia e antisepsia. Desinfectantes e antisépticos: mecanismos de acción dos desinfectantes. Métodos de limpeza e desinfección do material e instrumental sanitario. Cadea epidemiolóxica da infección nosocomial. Barreiras hixiénicas. Consecuencias das infeccións nosocomiais. Esterilización: concepto. Métodos de esterilización segundo os tipos de material. Tipos de controis. Manipulación e conservación do material estéril.

Tema 25.-Atención do auxiliar de enfermaría ao enfermo terminal. Apoio ao coidador principal e familia. Coidados post mortem.

Tema 26.-Úlceras por presión: concepto. Proceso de formación, zonas e factores de risco. Medidas de prevención.

Tema 27.-Primeiros auxilios en situacións críticas: politraumatizados, queimados, shock, intoxicación, feridas, hemorraxias, asfixias. Concepto de urxencias e emerxencias. Reanimación cardiopulmonar básica. Mantemento e reposición do material necesario (carro de parada).

Tema 28.-Atención do auxiliar de enfermaría ao enfermo con problemas de saúde mental e/ou toxicomanías (alcoholismo e drogodependencias). Técnicas de inmovilización.

Categoría:

Temario calefactor.

Parte común.

Tema 1.-A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2.-Estatuto de autonomía de Galicia. Estructura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3.-A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4.-O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5.-O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6.-A Lei de ordenación sanitaria de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7.-A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8.-Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas IISS e medidas de prevención. Principios básicos do Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais do Sergas.

Parte específica.

Tema 9.-Conceptos básicos de presión, temperatura, cambios de estado, calor, transmisión. Vapor: tipos.

Tema 10.-Combustibles. Características e aplicacións.

Tema 11.-Caldeiras. Clasificación. Partes e accesorios. Seguridades. Rendementos.

Tema 12.-Produción de auga quente sanitaria. Intercambiadores. Tipos. Funcionamento e control. Protección e seguridades.

Tema 13.-Combustión. Queimadores. Funcionamento e clasificación. Control da combustión. Chemineas. Contaminación.

Tema 14.-Tratamentos da auga: descalcificación, desmineralización, desgasificación, pH.

Tema 15.-Condución de caldeiras e o seu mantemento.

Tema 16.-Sistemas de distribución na montaxe de calefacción individual e central. Técnicas que se empregarán en cada unha delas.

Tema 17.-Exixencias regulamentarias de mantemento en instalacións de centrais térmicas, instalacións de combustibles, auga quente e calefacción. Regulamento de aparellos a presión.

Tema 18.-Climatización e aire acondicionado. Equipamentos. Sistemas. Funcionamento e control. Protección e seguridades.

Tema 19.-Soldadura. Tipos. Técnicas de emprego.

Tema 20.-Centrais de esterilización. Fundamentos. Equipamentos. Controis e seguridades.

Tema 21.-Aforro de enerxía e protección do ambiente.

Tema 22.-Nocións básicas de informática: concepto de procesador de textos, base de datos e correo electrónico. Intranet: concepto.

Categoría:

Temario celador.

Parte común.

Tema 1.-A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2.-Estatuto de autonomía de Galicia. Estructura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3.-A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4.-O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5.-O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6.-A Lei de ordenación sanitaria de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7.-A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8.-Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas IISS e medidas de prevención. Principios básicos do Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais do Sergas.

Parte específica.

Tema 9.-O personal subalterno: funcións do celador. Funcións de vixilancia. Apertura e peche das instalacións. Comunicación e atención aos usuarios.

Tema 10.-Coñecementos básicos dos utensilios, mobiliario e obxectos das institucións sanitarias: coitados e conservación.

Tema 11.-Técnicas de mobilización de pacientes. Posicións. Traslado e mobilización dos pacientes. Actuación en unidades de críticos.

Tema 12.-Área cirúrxica: actuación e normas de hixiene. Actuación nas unidades de hospitalización, estancias comúns e unidades de saúde mental.

Tema 13.-Actuación do celador en relación cos pacientes falecidos. Actuación nas salas de autopsias e os mortuorios.

Tema 14.-As subministracións. Subministracións internas e externas. Recepción e almacenamento de mercadorías. Organización do almacén. Distribución de pedidos.

Tema 15.-A farmacia. O animalario. O traslado de documentos e obxectos. A esterilización. A hixiene dos pacientes.

Tema 16.-A organización das urxencias. A actuación do celador na entrada de urxencias. O transporte de enfermos en ambulancias.

Tema 17.-Nocións básicas de informática: concepto de procesador de textos, base de datos e correo electrónico. Intranet: concepto.

Categoría:

Temario cociñeiro.

Parte común.

Tema 1.-A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2.-Estatuto de autonomía de Galicia. Estructura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3.-A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4.-O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5.-O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6.-A Lei de ordenación sanitaria de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7.-A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8.-Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas IISS e medidas de prevención. Principios básicos do Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais do Sergas.

Parte específica.

Tema 9.-As cociñas hospitalarias: condicións estruturais dos locais. Zona de limpo e zonas de sucio. Principios de marcha adiante, circuitos de traballo. Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro.

Tema 10.-Equipamentos básicos dunha cociña hospitalaria. Xeradores de calor, xeradores de frío, maquinaria auxiliar, utensilios, características e utilización deles.

Tema 11.-A restauración hospitalaria: concepto, características. Sistemas de produción: cadea quente, cadea fría, cociña ao baleiro, cociña de ensamblaxe.

Tema 12.-Perigos asociados á manipulación dos alimentos. A contaminación dos alimentos: fontes, transmisión e elementos favorecedores, medidas preventivas. Real decreto 202/2000, do 11 de febreiro, sobre normas relativas aos manipuladores de alimentos.

Tema 13.-Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro: normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas. Definicións, condicións dos establecementos. Requisitos das comidas preparadas.

Tema 14.-A conservación dos alimentos: métodos máis utilizados. Conservación en frío, por calor, salga, afumado, desecación. Novos métodos para a conservación de alimentos.

Tema 15.-Recepción de mercadorías: control das materias primas e pratos preparados, vehículos de

transporte, etiquetas, temperaturas, datas de consumo preferente e de caducidade, control organoléptico.

Tema 16.-Almacenamento: produtos perecedoiros, semiperecedoiros e non perecedoiros, normas de hixiene, estiba, temperatura requirida, limpeza, rotación de mercadorías.

Tema 17.-Acondicionamento de materias primas: a desconxelación, rehidratación, limpeza e preelaboración das materias primas. Cortes das distintas materias.

Tema 18.-Métodos de produción: métodos máis utilizados para a elaboración das comidas hospitalarias, definicións, características. Métodos máis adecuados para as distintas dietas.

Tema 19.-Maquinaria de alto rendemento para a elaboración e tratamento de comidas para colectividades: fornos de convección, tixolas basculantes, fornos de vapor, marmitas, fritideiras, abatidores de frío, descrición e uso.

Tema 20.-O empratado: dotación de materiais, medidas hixienicas, temperaturas das comidas preparadas. Sistemas de distribución: cadea quente, cadea fría.

Tema 21.-Plans de limpeza, desratización e desinsectación. Identificación e avaliación de áreas de limpeza. Coñecementos básicos de produtos utilizados. Sistemas de limpeza comunmente utilizados. Rexistro do sistema.

Tema 22.-Autocontrol sanitario nas cociñas hospitalarias: análises de perigos e puntos de control críticos (appcc). Prerrequisitos, principios básicos, desenvolvemento, definicións.

Tema 23.-Ovos e ovoprodutos: características, tipos, etiquetas, marcaxe dos ovos, manipulación e uso adecuado. Elaboración.

Tema 24.-Salsas, cremas, sopas, consomés: clases e elaboración.

Tema 25.-Hortalizas. Legumes secos e cereais: tipos, clasificación, características, preelaboración e acondicionamento, limpeza, cortes e elaboración.

Tema 26.-Peixes e produtos do mar: tipos, clasificacións, características, preelaboración e acondicionamento, distintos cortes, elaboración.

Tema 27.-Carnes e derivados cárnicos, aves, coellos: tipos, clasificación. Limpeza, pezas, fileteado, manipulación, acondicionamento, elaboración.

Tema 28.-Sobremesas de cociña: sobremesas máis utilizadas nas dietas hospitalarias. Clases, elaboración. Froitas e derivados: tipos e clasificacións. Sobremesas lácteas envasadas. O leite e derivados.

Tema 29.-Graxas e aceites: tipos, clasificación, características, manipulación, uso adecuado. Eliminación dos aceites usados.

Tema 30.-Rendementos dos produtos alimenticios: cálculos de pesos por ración, cálculos de diminución, desperdicios, glaseados. Cálculo de produción. Medidas gastro-norm e euro-norm.

Tema 31.-Alimentación, nutrición e dietética: diferenciación, conceptos básicos. Nutrientes enerxéticos e non enerxéticos.

Tema 32.-Dietas basais e terapéuticas máis utilizadas nos centros hospitalarios: dietas progresivas, coñecementos básicos. Alimentos prohibidos, alimentos limitados, alimentos recomendados das distintas dietas.

Tema 33.-A gama dos alimentos, pirámide dos alimentos: alimentos plásticos, alimentos enerxéticos, alimentos reguladores.

Tema 34.-Informatización do sistema de alimentación: protocolo de dietas, formularios, procesado da información, listaxe, tarxetas de empratado.

Tema 35.-Terminoloxía gastronómica máis común e vocabulario de cociña.

Tema 36.-Prevención de riscos laborais aplicados á hostalaría: condicións estruturais dos locais, dotación de material, sinalización, medidas preventivas asociadas ao posto de traballo.

Tema 37.-Nocións básicas de informática: conceptos de procesador de textos, bases de datos e correo electrónico. Intranet: concepto.

Categoría:

Temario condutor.

Parte común.

Tema 1.-A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2.-Estatuto de autonomía de Galicia. Estructura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3.-A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4.-O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5.-O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6.-A Lei de ordenación sanitaria de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7.-A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8.-Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas IISS e medidas de prevención. Principios básicos do Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais do Sergas.

Parte específica.

Tema 9.-Código de circulación. Permisos e licenzas de condución: clases. Permiso e licenza de condución por puntos: infraccións e sancións. Documentos necesarios para circular. O seguro obrigatorio de vehículos de motor.

Tema 10.-Inspección técnica de vehículos: inspeccións periódicas, resultado das inspeccións, reformas de importancia.

Tema 11.-Dotacións dos vehículos: placas, sinais, distintivos nos vehículos, accesorios, repostos e ferramentas que deben levar os vehículos de motor.

Tema 12.-O motor. Tipos de motores. El motor de explosión e combustión, clases e tipos, funcionamento. O motor diésel: órganos principais; os inxectores; quentadores; bomba gas-oil.

Tema 13.-Sistemas de iluminación, alimentación, lubricación, refrixeración e eléctrico: clases, funcionamento, mantemento, avarias e regraxes.

Tema 14.-Sistemas de distribución, transmisión, suspensión, dirección e freado: clases, funcionamento, mantemento, avarías e regraxes.

Tema 15.-Rodas e pneumáticos: funcións das rodas. Equilibrado de rodas. Cambio de rodas. A roda de reposto. As lamias. Pneumáticos: clases, elementos e funcións. A adherencia, o debuxo do pneumático. Substitución de pneumáticos. Presión de inflado. Factores que modifican o rendemento dos pneumáticos. Influencia do pavimento na adherencia.

Tema 16.-Seguridade nos vehículos: elementos de seguridade nos vehículos. A seguridade activa. A seguridade pasiva. A distancia de freado, concepto e elementos do vehículo que inflúen nela.

Tema 17.-O condutor: a observación, a anticipación. Factores que inflúen nas aptitudes do condutor: a fatiga, o sono, a tensión, o tabaco, o alcohol, medicamentos, estupefacientes e substancias psicotrópicas. Concepto de distancia de detención ou parada técnica, o tempo de reacción e os factores que inflúen nela.

Tema 18.-A vía: perigos concretos en curvas e interseccións. Obstáculos na calzada. Condución nocturna. Condución en condicións climatolóxicas e ambientais adversas. A distancia no freado, elementos da vía que inflúen nela.

Tema 19.-As limitacións legais de velocidade. A adecuación da velocidade ás circunstancias do tráfico. Travesías. O respecto aos viandantes e a outros usuarios da vía pública.

Tema 20.-O accidente de circulación: comportamento no caso de accidente. Delitos contra a seguridade do tráfico. Nocións básicas de primeiros auxilios.

Tema 21.-O transporte de pasaxeiros. Condución tranquila. Carga e descarga de pasaxeiros. A utilización do cinto de seguridade. Condución de vehículos destinados ao transporte de mercadorías: métodos de carga e estiba.

Tema 22.-O consumo de combustible. A resistencia ao aire. Condución suave e lixeira. O consumo na condución urbana e interurbana. Mantemento adecuado do vehículo. Influencia dos automóviles na deterioración do ambiente. Elementos contaminantes. Os catalizadores. Medidas que se deben adoptar para evitar a contaminación.

Tema 23.-Réxime legal dos transportes por estrada: clases de transporte. Disposicións comúns aos transportes de mercadorías e de viaxeiros. Disposicións específicas do transporte de mercadorías. Disposicións específicas do transporte de persoas.

Tema 24: Réxime legal dos transportes por estrada: clasificación das autorizacións (tarxetas). Réxime sancionador

Categoría:

Temario fisioterapeuta.

Parte común.

Tema 1.-A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2.-Estatuto de autonomía de Galicia. Estructura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3.-A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4.-O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5.-O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6.-A Lei de ordenación sanitaria de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7.-A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8.-Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas IISS e medidas de prevención. Principios básicos do Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais do Sergas.

Parte específica.

Tema 9.-Asistencia sanitaria: obxecto e feitos causantes. Beneficiarios. Prestacións médicas e farmacéuticas. Modalidades da prestación médica. A participación dos beneficiarios no prezo dos medicamentos.

Tema 10.-Principios fundamentais da bioética: dilemas éticos. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. O consentimento informado. Os dereitos de información sanitaria, intimidade e o respecto da autonomía do paciente.

Tema 11.-Calidade no Sistema Nacional de Saúde: características da atención sanitaria. Dimensións de calidade: científico técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satisfacción do usuario. Avaliación de estrutura, proceso e resultados. Mellora continua da calidade. Métodos de avaliación da calidade: auditorías. Programas de calidade: deseño e implantación.

Tema 12.-Metodoloxía de investigación: técnicas cuantitativas e cualitativas. Estrutura metodolóxica dun traballo científico. Fontes de datos. Investigación básica: estudos de identificación e priorización de problemas. Investigación aplicada: estudos descritivos e analíticos dos diagnósticos utilizados, estudos de procesos e resultado.

Tema 13.-Epidemioloxía: concepto. O método epidemiolóxico. Enfermidades transmisibles de maior incidencia na poboación galega: tipos e características. Sistema Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica. Enfermidades de declaración obrigatoria.

Tema 14.-Demografía sanitaria. Indicadores demográficos e a súa utilidade para o traballo: natalidade, fecundidade, mortalidade, migracións, crecemento vexetativo.

Tema 15.-Saúde pública: concepto. Saúde e enfermidade: concepto. Indicadores de saúde por idade e sexo: morbilidade, mortalidade, letalidade e esperanza de vida. Principais problemas de saúde na poboación galega actual. Elementos de priorización: magnitude, transcendencia, vulnerabilidade e custo.

Tema 16.-Técnicas e habilidades de comunicación e relación interpersoal. Traballo en equipo. Entrevista clínica. Concepto e características. Identificación de necesidades de apoio emocional e psicolóxico ao paciente, coidador principal e familia.

Tema 17.-Xestión e planificación de servizos sanitarios: concepto. Produto sanitario: concepto. Carreira de servizos: concepto.

Tema 18.-Nocións básicas de informática: concepto de procesador de textos, base de datos e correo electrónico. Intranet: concepto.

Tema 19.-Prevención e promoción da saúde: concepto. Detección precoz de problemas de saúde: concepto. Factores de risco para a saúde nas distintas etapas da vida (infancia, adolescencia, adulto e ancián): identificación de factores de risco e medidas que se deben adoptar.

Tema 20.-A educación para a saúde individual, grupal e comunitaria: concepto, metodoloxía e técnicas didácticas. Criterios para a elaboración de programas de educación para a saúde. Grupos de autoaxuda: concepto.

Tema 21.-Unidades de fisioterapia de atención especializada: coordinación da actividade fisioterapéutica cos distintos servizos e departamentos do hospital. Coordinación entre niveis asistenciais: protocolos conxuntos. Unidades de fisioterapia en atención primaria: consulta fisioterápica, coordinación cos equipos de atención primaria. Sala de fisioterapia. Fisioterapia grupal e atención comunitaria.

Tema 22.-Metodoloxía de intervención en fisioterapia asistencial. Aspectos do diagnóstico fisioterapéutico: entrevista clínica, exploración física. Definición de problemas, obxectivos e plans de actuación. Discapacidade, deficiencia e minusvalidez: concepto.

Tema 23.-Sistemas de información utilizados en atención primaria e atención especializada: historia clínica. Rexistros específicos de actividade en atención primaria e atención especializada. Informe á alta. Clasificacións internacionais de problemas de saúde (CIAP, CIE-9, NANDA): características xerais.

Tema 24.-Cinesiología: eixes e planos do corpo. Movimentos articulares elementais. Goniometría articular: concepto, rexistro, técnicas goniométricas e amplitudes articulares dos MM.SS. MM.II. e columna vertebral. Valoración muscular: principios xerais, sistemas de gradación, técnica de valoración muscular.

Tema 25.-Fisioterapia respiratoria. Valoración fisioterapéutica e obxectivos fisioterápicos. Técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico nas patoloxías máis frecuentes: EPOC e asma. Cirurxía cardiorrespiratoria e outras cirurxías.

Tema 26.-Fisioterapia en pacientes críticos. Valoración fisioterapéutica e obxectivos fisioterápicos. Técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico: pacientes en UCI, infarto de miocardio.

Tema 27.-Fisioterapia en traumatoloxía. Valoración fisioterapéutica e obxectivos fisioterápicos. Técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico nas patoloxías máis frecuentes. Fisioterapia no

deporte: técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico nas patoloxías máis frecuentes.

Tema 28.-Fisioterapia nas patoloxías osteoarticulares e de partes brandas. Alxias crónicas. Valoración fisioterapéutica e obxectivos fisioterápicos. Técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico nas patoloxías máis frecuentes.

Tema 29.-Fisioterapia nas malformacións conxénitas. Valoración fisioterapéutica e obxectivos fisioterápicos. Técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico nas patoloxías máis frecuentes.

Tema 30.-Fisioterapia na reumatoloxía. Valoración fisioterapéutica e obxectivos fisioterápicos. Técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico nas patoloxías máis frecuentes: artropatías inflamatorias, reumatismos dexenerativos, periartrite escápulo-humeral.

Tema 31.-Fisioterapia na patoloxía neurolóxica do sistema nervioso central: valoración fisioterapéutica e obxectivos fisioterápicos. Técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico nas patoloxías máis frecuentes do sistema nervioso central: síndrome neurolóxicas, lesións da medula espiñal, lesións cerebrais.

Tema 32.-Fisioterapia na patoloxía neurolóxica do sistema nervioso periférico: valoración fisioterapéutica e obxectivos fisioterápicos. Técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico nas afeccións máis frecuentes: poliomielite anterior aguda, lesións do plexo braquial e membro inferior, parálises periféricas tronculares.

Tema 33.-Fisioterapia no desenvolvemento psicomotor do neno normal: valoración e actividades de promoción e prevención. Valoración e métodos de tratamento fisioterapéutico da parálise cerebral (PC), valoración dos trastornos motores e dos trastornos asociados. Educación terapéutica do PC.

Tema 34.-Fisioterapia no ancián: valoración fisioterapéutica, escalas de actividades da vida diaria (AVD), actividades de promoción e prevención. Atención fisioterapéutica no ancián discapacitado. Os accidentes no ancián: caídas e outros riscos. Plan Xerontolóxico Nacional: xeneralidades.

Tema 35.-Fisioterapia no adulto. Plan fisioterapéutico personalizado en pacientes con: hipertensión (HTA), diabete, obesidade e risco cardiovascular. Técnicas de rehabilitación do solo pélvico.

Tema 36.-Fisioterapia en patoloxías vasculares periféricas. Valoración fisioterapéutica e obxectivos fisioterápicos. Técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico. Paciente amputado.

Tema 37.-Fisioterapia nas alteracións da aliñación vertebral. Valoración fisioterapéutica e obxectivos fisioterápicos. Técnicas e métodos de tratamento fisioterapéutico.

Tema 38.-Cinesiterapia: concepto e modalidades. Principios xerais, indicacións e contraindicacións. Cinesiterapia pasiva e activa. Definición, tipos.

Efectos terapéuticos, indicacións e contraindicacións.

Tema 39.-Cinesiterapia activa-resistida. Definición. Métodos de potenciación muscular. Indicacións e contraindicacións. Cinesiterapia activa específica: exercicios de Codman, Buerger, Frenkel, Chandler e Propriocepción.

Tema 40.-Electroterapia: concepto, indicacións e contraindicacións. Clasificación das correntes eléctricas máis utilizadas en fisioterapia. Ensamblaxe entre o aparello de electroterapia e o paciente: factores que se deben valorar. Normas de seguridade no manexo de aparellos de electroterapia.

Tema 41.-Técnicas electroterápicas con correntes de baixa, media e alta frecuencia. Indicacións terapéuticas e contraindicacións. Factores que hai que ter en conta na dosificación das diferentes técnicas electroterápicas.

Tema 42.-Ultrasonoterapia, laserterapia, magnetoterapia. Indicacións terapéuticas e contraindicacións. Técnicas de aplicación.

Tema 43.-Masoterapia. Concepto, indicacións e contraindicacións. Efectos terapéuticos. Técnicas de masoterapia e manobras fundamentais: rozamento, fricción, presión, amasamento, vibración e percusión. Técnicas especiais de masoterapia: masaxe transversa profunda, drenaxe linfática manual e masaxe do tecido conxuntivo: efectos fisiolóxicos e terapéuticos, técnicas específicas, indicacións e contraindicacións.

Tema 44.-Mecanoterapia: concepto, indicacións e contraindicacións. Equipamentos especiais: aparellos de tracción, bicicleta cinética, mesa de man, espaleiras, escaleiras, ramplas, escadas de dedos, táboa de Boheler: utilidades e aplicacións.

